Tal como se establece na normativa vixente prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender o alumnado real que teñamos no grupo cas características que eles teñan. A modo de exemplo citamos o seguinte:

* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras, sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.
- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.
- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.
- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

* Nenos e nenas con dificultade de aprendizaxe:

- Incluílos en actividades colectivas,de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado as súas capacidades e circunstancias.

*Nenos e nenas con trastornos de conducta:

- Buscar a coordinación co equipo de profesorado e orientadora do centro de tal xeito que podamos incluílo nas actividades de aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes			X					
ET.2 - Os dereitos da Infancia	X							
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos		X					X	

	UD 9	UD 10
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X	
ET.2 - Os dereitos da Infancia		X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos		

Observacións:

Nesta programación-guía só seleccionamos estes pero teñamos en conta que os elementos transversais xa están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Corresponde ó profesorado escoller e relacionalos ou non coas UD da área; ademais, algúns elementos transversais terán máis peso nunhas unidades ca noutras.

Por outro lado, cada centro educativo ou mestra/e escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.			X
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....		X	
Conmemoracións da escola.	Samaín.magosto, nadal, entroido, maios, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula na lingua materna para ampliar vocabulario e expresións na LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

Descrición:

NOTA: Con estes exemplos de indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporización das unidades, coordinación entre o profesorado, pero, naturalmente, cada mestra/e debe establecer os indicadores de logro que lle permitan avaliar o seu propio proceso de ensino e práctica docente.

Os indicadores deben ir asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un. Entre as diferentes opcións destas, cada mestra/e escollerá as que considere máis oportunas.

Neste apartado "Descrición" explicaremos aspectos como o procedemento para a recollida de información, os

momentos nos que se levará a cabo ou o emprego que lles daremos ós datos. Isto é decisión de cada mestre e mestra e, en todo caso, un acordo de claustro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Centraremos a revisión e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- Coordinarse e analizar regularmente coa auxiliar de conversa a adecuación da unidade didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32015220	CEIP Vistahermosa	Ourense	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

1. Introducción

Marco normativo:

- Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Esta PD está pensada para ser levada a cabo na área de Lingua Galega do CEIP Vistahermosa, un centro situado na periferia de Ourense, que conta con 9 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 6 unidades de educación primaria

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes, curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

En cada unha das unidades da programación inclúense contidos relativos ao seis bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua galega, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado conta con 9 anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

Nº de alumnos/as: 18

A lingua empregada polo alumnado é maioritariamente o castelán, un 53 % do alumnado fala en galego traducindo do castelán con moitas dificultades e sen ningunha fluidez.

Casos especiais:

1 Alumna con ACs

Un alumno con TEA grado 1

Un alumno con diagnóstico TDAH

1 Alumna en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural, con atraso madurativo e importantes dificultades lectoescriptoras.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	De quen vés sendo?	Lectura fluída. Situación de aprendizaxe: A familia e as relacións de parentesco. Presentarse a un mesmo. O xénero dos substantivos. A familia léxica Empregar os artigos e os posesivos. A diversidade das linguas. A túa árbore xenealóxica.	11	16	X		
2	Construímos sociedade	Comunicarse en distintas situacións Situación de aprendizaxe: Recoñecer os xéneros literarios e redactar unha recensión. Empregar os pronomes persoais Usar o verbo en diferentes oracións. Guía da supervivencia da aula	13	18	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Ler para vivir	Lectura, entoación e comprensión. Os poemas: estrofa, verso e rima. Recitado de poemas. Situación de aprendizaxe: Ditongos e hiatos Sílabas e tipos de palabras Compoñer unha canción O recuncho literario da aula	13	20	X		
4	Que me contas?	Lectura, entoación e comprensión. Situación de aprendizaxe: Describir o que vemos ou imaxinamos Identificar adxectivos e os seus graos. A coma, os conectores. Inventar un relato fantástico	13	18		X	
5	Sáímos a escena	Lectura, entoación e comprensión. Manter unha conversa Recomendar lecturas: expresamos gustos. Campo semántico Coñecer os textos teatrais. Situación de aprendizaxe: O punto e os parénteses Comeza a función: escribir un texto teatral para ser interpretado.	13	18		X	
6	Isto interésache!	Lectura, entoación e comprensión. Situación de aprendizaxe: Practicar a ortografía b/v, c/q/z, g/gu/gü, r/rr, x/s, h Preparar unha campaña publicitaria: gravar unha cuña radiofónica e elaborar un cartel.	13	18		X	
7	A busca de información	Lectura, entoación e comprensión. Buscar información. Recoñecer o suxeito e o predicado. Situación de aprendizaxe: Empregar os demostrativos e os indefinidos. Texto multimodal: páxina web.	12	16			X
8	A novena arte	Lectura, entoación e comprensión. Contar unha anécdota. Situación de aprendizaxe: Recoñecer adverbios Empregar as preposicións. Palabras con J, K, W, Y Coñecer os elementos da banda deseñada. Elaborar unha tira cómica.	12	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	De quen vés sendo?	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica substantivos e artigos. Identifica e é capaz de cambiar o xénero e o números dos substantivos e respectar a concordancia.	PE	20
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiros/as. Mostra interese por aprender novo vocabulario en lingua de signos: abecedario, saúdos, días da semana, estacións, animais, poemas sinxelos.	TI	80
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Participa en actividades en grupo mostrando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Coñece e usa o vocabulario dos vínculos familiares, aplicando o aprendido na elaboración dunha árbore xenealóxica. Redacta descrições sinxelas del mesmo ou dun membro da familia. Identifica palabras derivadas, compostas e forma familias de palabras		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le textos do seu interese, adaptados á súas capacidades, para unha correcta lectura silenciosa		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Redacta unha presentación de si mesmo/a utilizando os recursos lingüísticos traballados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - educativo (contido e forma). - Contexto - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Procesos: comprensión lectora - Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Procesos: produción escrita - Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información. - Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
2	Construímos sociedade	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprende textos sinxelos propios de situacións cotiás: normas da clase/centro, normas do comedor, normas do transporte, receitas.	PE	40
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físcicos ou dixitais.	Revisa un texto fixándose na concordancia dos pronomes e as formas verbais corrixindo os erros. Completa oracións con forma verbal que sexa máis adecuada. Identifica o tempo das formas verbais nun texto		
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.	Participa na elaboración dunha guía de supervivencia da aula, prestando atención a corrección da lingua e ao uso dunha lingua inclusiva.	TI	60
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participa en conversas en lingua galega, intercambia información persoal e sobre os seus gustos, recoñecendo os elementos da comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Busca información en diferentes fontes e valora a claridade do contido, o vocabulario empregado e as imaxes que contén. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte unha recensión dun libro que lle gustara da biblioteca.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Expón á clase recomendación dos seus libros favoritos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión lingüística para achegarse á súa contorna. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Procesos: comprensión lectora - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. - Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas. - Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal. - Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
3	Ler para vivir	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Compón unha pequena canción na que apareza algun recurso literario traballado: personificacións, metáfora, anáfora e hipérbole.	PE	50
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Usa nas producións propias as normas de acentuación. Separa as sílabas dunha palabra recoñecendo os ditongos e os hiatos.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorando a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.	Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade pluricultural que nos rodea.	TI	50
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le textos poéticos recoñecendo os versos, as estrofas e a rima. Separa as sílabas dunha palabra e sinala as sílabas tónica e átonas.		
CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Involúcrase nas actividades que programa a biblioteca, participando en concursos, xogos, recitais relacionadas coa literatura.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Localiza libros de poemas na biblioteca de aula e goza da súa lectura. Usa e coida a biblioteca de aula para buscar información.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Le de xeito autónomo de libros de diferentes autores e estilos, construíndo a súa identidade lectora		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.

Contidos

- Contexto
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Procesos: comprensión lectora
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas, progresando no ritmo, entoación e dicción.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero, número, persoa) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental.

UD	Título da UD	Duración
4	Que me contas?	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.	PE	40
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Escribir oracións que describan diferentes imaxes empregando o adxectivo nos diferentes grados. Fai uso dos signos de puntuación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Participa en diferentes situacións comunicativas, usando unha linguaxe non sexista e respectuosa cos outros.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Constrúe un discurso coherente nas ideas ou feitos e empregando o vocabulario axeitado. Busca e localiza nun dicionario as palabras que non entende. Redacta textos coherentes e creativos autonomamente.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Escoita as opinións dos demais sen interromper e respecta as opinións dos que falan.	TI	60
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Busca información na internet, selecciona as ideas principais, e úsaas para facer a súa exposición.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Expón, pronunciando correctamente, cun volume axeitado á situación e espazo un relato fantástico escrito da súa produción		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo. - Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Procesos: comprensión lectora - Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Procesos: produción escrita - Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información. - Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras en galego, a través de conversacións literarias, participando activamente na comunidade lectora escolar. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
5	Sáímos a escena	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Participa en dramatizacións teatrais. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión, cando é preciso.	PE	40
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. Utiliza os signos de puntuación.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe non sexista e respectuosa cos outros. Memoriza poemas e cancións en lingua de signos. Realiza tarefas de grupo amosando colaboración e respecto.	TI	60
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Valora por igual aos seus compañeiros/as independentemente da variedade dialectal que empreguen. Recoñece os castelanismos máis comúns e valora o esforzo por usar a lingua normativa.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Rescribe un texto teatral para ser interpretado na clase no que se empregue a linguaxe inclusiva. Valora e opina sobre as propostas dos compañeiros/as.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Relaciona diversos títulos con ilustracións das obras. Le en lectura silenciosa textos adaptados da literatura galega en diferentes soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Estratexias de expresión e escoita activa empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen intereses e gustos. - Procesos: produción oral - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Procesos: comprensión lectora - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Procesos: produción escrita - Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto. - Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra. - Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna. - Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
6	Isto interésache!	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce cuñas radiofónicas con mensaxes curtos e claros buscando promocionar un produto aos oíntes. Estrutura de xeito coherente as frases e oracións.	PE	70
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Redacta, seguindo unhas pautas, textos multimodais cun discurso coherente nas ideas ou feitos e empregando o vocabulario axeitado.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Inventa textos coherentes previa realización de borradores, revisión e corrección. Utiliza conectores básicos entre oracións. Respecta as normas ortográficas traballadas		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprende e é capaz de captar a mensaxe de diversos anuncios publicitarios publicados en diferentes medios (prensa, radio e tv)	TI	30
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Gravación e escoita posterior de todos os anuncios preparados na clase.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.	Le con fluidez, entonación, ritmo e intensidade axeitada diferentes Slogans e carteis		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Contexto - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega. - Procesos: comprensión lectora

Contidos

- Procesos: produción escrita
- Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras.
- Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
7	A busca de información	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	Busca información na internet e elabora exposicións orais de xeito coherente apoiándose na documentación obtida.	PE	70
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	Respecta o formato dos diferentes textos xornalísticos ou publicitarios Combina linguaxe verbal e non verbal en carteis e anuncios. Estrutura de xeito coherente as frases e oracións.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Localiza os determinantes demostrativos e algún indefinido nun texto dado. Aplica as normas ortográficas traballadas. Localiza no texto as oracións, dentro delas o suxeito e sabe explicar coas súas propias palabras cal é a súa función dentro da oración.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Reescribe de xeito creativo unha noticia orixinal recollida de internet sobre un tema de actualidade mencionando as fontes consultadas e a autoría. Ilustra, subliña e realiza gráficos que facilitan a comprensión de textos.	TI	30
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Participa na simulación de situacións e debates no que se analicen hábitos de uso seguro e saudable da tecnoloxía, na escola e no fogar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: comprensión oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Procesos: produción oral - Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais. - Procesos: comprensión lectora - Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias. - Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos. - Procesos: produción escrita - Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos. - Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas. - Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.

UD	Título da UD	Duración
8	A novena arte	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Combina linguaxe verbal e non verbal en cómics. Ilustra e realiza un cómic. Debuxa unha historia en varias viñetas que pode ser con ou sen texto e onomatopeas	PE	55
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Identifica de forma consciente as semellanzas e as diferenzas de frases feitas entre castelán e galego e pode explicalas coas súas propias palabras. Valora a lingua escrita como fonte de creatividade.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Aplica o pensamento crítico, analizando a información que atopa en internet. Usa dicionarios dixitais de xeito autónomo para comprobar o significado, a ortografía e o tipo de palabra	TI	45
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Busca na biblioteca de aula obras adecuadas aos seus gustos e intereses. Coñece as normas de funcionamento da biblioteca do centro colaborando no seu coidado e organización.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Le varios textos teatrais expresando cal lle gusta máis. É quen de explicar coas súas palabras a hitoria dun cómic adecuado ao nivel, xunto coa súa opinión persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. - Procesos: produción oral - Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Contexto - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).

Contidos

- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os alumnos/as han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar o alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional. Centramos a orientación nesta área na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata do neno.

Todo o traballo se encamiña a proporcionarlle recursos de comunicación:

-A escritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación con un contexto de aprendizaxe motivadora e se abordan dunha maneira progresiva.

-A expresión oral: fomentando distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Mediante o xogo e a simulación os alumnos e alumnas descubren as posibles actitudes comunicativas.

-A comprensión lectora: O alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituíntes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos, etc...). Así o alumno comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e mensaxes connotativas.

-A expresión escrita: desenvolvemos a tipoloxía textual, co fin de que o alumno sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; ademais aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto.

Presentamos os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade y aplicación práctica. Isto favorece a súa asimilación, posto que non se traballan como elementos estraños, susceptibles de ser memorizados, senón como unha axuda máis para a comunicación.

Os contidos da área de Lingua Galega están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado.

Debemos ter en conta que cada alumno/a parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas dende a teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os alumnos/as iníciense no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade de empatía de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o

que pode suceder en situacións reais e cotiás.

A elaboración de proxectos de traballo cooperativo constitúe unha forma de aprendizaxe significativa e auténtica, cos que se potencia:

- O respecto cara os seus compañeiros/as.
- A responsabilidade individual e colectiva.
- A comunicación entre os membros do grupo.
- O reparto de responsabilidades.
- A aprendizaxe entre iguais: a diversidade enriquecida polas contribucións individuais.
- O análise crítico da información.
- A capacidade de síntese.
- A mellora das aprendizaxes.

Secuenciación da aprendizaxe cooperativa:

1º trimestre: Promover a cohesión do grupo, establecer normas de funcionamento e traballar de xeito cooperativo con grupos inclusivos.

2º trimestre: Asignar roles dentro do grupo, reforzar as habilidades sociais para a cooperación e introducir a autoavaliación dos equipos de traballo.

3º trimestre: Traballar en equipos estables e avaliar a dinámica dos equipos.

A ensinanza individualizada promove que cada alumno traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Por iso é importante establecer un plan que os axude a superar a súas dificultades, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades.

Centrarémonos nunha metodoloxía flexible e inclusiva, dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adaptan as necesidades particulares dos alumnos/as.

Dispoñemos de materiais didácticos específicos para utilizar en función das condicións concretas de cada neno ou nena, así como dos obxectivos de mellora que se propoñen en cada caso.

O carácter multidisciplinar de moitas das competencias parte da concepción do currículo como un conxunto que abarca as diversas áreas e materias, polo que se require unha gran coordinación docente onde o traballo en equipo de todos os docentes ha de ser unha constante.

Fomento da lectura. O plan lector do noso centro intenta promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias.

Dedícanse un tempo de trinta minutos diarios á lectura na clase ou na biblioteca do centro distribuídos así:

- Hora de lectura, un tempo de trinta minutos diarios no que lemos o mesmo libro escollido para todos/as.
- Outros dez minutos diarios, que se desenvolven ao longo das actividades planificadas, atendendo ás necesidades que xorden da programación diaria.

A biblioteca escolar do centro, como elemento fundamental no ensino-aprendizaxe, ten unha organización que favorece o seu uso por parte do todo o alumnado e de todo o profesorado. Cada aula ten garantida unha hora semanal para o seu uso exclusivo. Ademais diso, os seus fondos nutren as bibliotecas de aula que poden cambiarse no momento en que o profesorado o considere oportuno. A biblioteca en colaboración cos titores/as planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo e cos criterios xerais que se establezan na Programación Xeral Anual, especialmente no referente áos PDI "Un, dous, tres a contar outra vez"

A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con fontes documentais diversas en papel e dixital ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

Os que traballaremos en cuarto son: descritivos, narrativos (conto, a biografía, novelas de aventura e fantasía, banda deseñada, relatos fantásticos, teatro e novas de actualidade) instrutivos (normas) e poesía.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro do alumno: libro de texto da editorial Edelvives
Libros de lectura: tanto da biblioteca do centro como da biblioteca de aula.
Ordenador de aula e proxector.

Dicionarios papel e online
Murais ortográficos e de vocabulario.
Recursos fotocopiabiles .
Recursos na rede.
Xogos didácticos.
Material funxible.
Aula virtual do centro.
Portátil Educa-Dixital
Caderno rallado A4

Outro material:

- Diverso material axeitado ao PDI do centro proporcionado polo equipo de Biblioteca do centro.
- A aula conta cun carro de carga e portátiles Educa en Dixital, para realizar traballos, buscas, coñecer o uso do ordenador e aplicacións da maqueta como o do editor de texto.
- Específico adaptado á variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- Que permita a claridade e amenidade gráfica e expositiva.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Cóntase coa información dos informes do curso pasado: 4 alumnas/os contan con Plan de Reforzo Individualizado que se aplicará co obxectivo de favorecer a mellora da súa aprendizaxe e da súa integración escolar.

Ao longo do mes de setembro observarase o grado de evolución e/ou esquecemento durante o verán. A partir dos resultados, levaranse a cabo as decisións e actuacións comúns adoptadas polo equipo docente. Esta tarefa realizarase mediante técnicas e procedementos como:

1.- Intercambio de información do equipo educativo

Alumnado con NEAE, apoios necesarios dentro da aula, alumnado con altas capacidades, revisión ou modificación de ACS:

2.- Observación directa e sistemática dos alumnos (individual e grupal) e guiada coa axuda de documentos específicos para tal fin.

3.- Probas escritas e/ou orais.

4.- Autoavaliación de alumnos e alumnas (reflexións e toma de conciencia das carencias ou fortalezas en canto as aprendizaxes).

5.- Entrevistas individuais cos alumnos/as (formais e informais mediante preguntas na clase) e as familias.

6.- Resultados das probas iniciais.

Resultados das probas iniciais.

-Os resultados das probas iniciais indican que en xeral, a lingua usada polo alumnado para relacionarse entre eles e coa mestra é o gcastelán, a maioría fala en galego traducindo do castelán con moitas dificultades, sen ningunha fluidez e con falta de vocabulario.

- En xeral, a capacidade lectora mellorou con respecto ao ano pasado, pero hai dous alumnos/as que silabean e con baixa comprensión e unha alumna que aínda non le.

Medidas ordinarias

Cos alumnos/as con dificultades lectoescritoras e sen fluidez. Realizaranse sesións de lectura individuais para que superen esta deficiencia, uso da biblioteca escolar, préstamo de libros en galego para casa, solicitando a colaboración das familias.

Potenciarase o uso da lingua galega na aula e no centro, entre iguais e co profesorado.

Veremos pequenos filmes en galego, cantaremos cancións, xogos...

Animarase ao alumnado a que vaian introducindo o novo vocabulario nas súas intervencións comunicativas.

Adaptación metodolóxica ao alumno con TEA, grado 1. Na aula manifesta un nivel de maduración por debaixo da súa

idade cronolóxica e a nivel de desenvolvemento xeral, manifesta dificultades nas áreas da linguaxe, na área cognitiva e nos aspectos sociais e emocionais, frústrase ante calquera dificultade/reto. Realizaráselle unha adaptación metodolóxica

Con respecto ao alumno con TDAH, obsérvase un mellor comportamento na aula, é quen de controlarse e xa non interfere no normal desenvolvemento do traballo na sesión da aula. Se o seu comportamento empeorase, proporíase ao grupo de mestres e ao equipo de Orientación a súa asistencia á aula de atención educativa e convivencia.

Medidas extraordinarias

- Hai unha alumna con ACs que será revisada este curso.
- Unha alumna presenta déficit de uso en proceso e procedementos psicolingüísticos básicos para a aprendizaxe, a comprensión, a expresión da linguaxe oral e escrita con problemas de absentismo escolar e condicións familiares ou de historia escolar. Aínda non le de xeito autónomo nin escribe. Debe revisarse para Adaptación Curricular.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	13	13	13	13	13	12	12	100
Proba escrita	20	40	50	40	40	70	70	55	48
Táboa de indicadores	80	60	50	60	60	30	30	45	52

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

-Realizaremos unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta o peso orientativo asignado a cada criterio de avaliación.

-Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala de 1 a 5 como posible resposta.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas:

-Partir dunha avaliación inicial dos alumnos/as en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido. De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

Motivación adecuada, partindo dos seus intereses, que posibilite unha aprendizaxe activa: 'querer aprender'

Adaptación dos contidos e das actividades ás capacidades reais, non esixindo aquilo que non poida realizar: 'poder aprender'.

Dotación de técnicas que fomenten o hábito de traballo: 'saber aprender'.

Ver se comprende o traballado na clase.

Con flexibilidade nos tempos de execución.

Facer un seguimento máis individualizado. Valorar os seus logros e o esforzo, con procedementos de avaliación diversos: Test, pequenos proxectos, actividades no libro dixital, exposicións.

Máis coordinación co equipo docente
Colaboración e relación periódica coa familias

6. Medidas de atención á diversidade

A programación terá en conta as características do alumnado, o nivel de competencia curricular de cada alumna/o e as axudas que precise facilitando espazos de participación para todas e todos. Con metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, participación en pequenos proxectos e outros que promovan a inclusión.

Realizarase reforzos educativo por parte da mestra e desenvolveranse programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo.

Existen varios alumnos con dificultades no uso da lingua galega tanto no seu uso oral, expresión e comprensión, como na escrita.

Características do alumnado

Hai unha alumna con ACS que será revisada este curso.

Unha alumna presenta déficit de uso en proceso e procedementos psicolingüísticos básicos para a aprendizaxe, a comprensión, a expresión da linguaxe oral e escrita con problemas de absentismo escolar e condicións familiares ou de historia escolar. Aínda non le de xeito autónomo nin escribe. Debe revisarse a súa situación para realizarlle unha Adaptación Curricular.

Un alumno con TEA, grado 1, cun nivel de maduración por debaixo da súa idade cronolóxica. A nivel de desenvolvemento xeral, manifesta dificultades nas áreas da linguaxe, na área cognitiva e nos aspectos sociais e emocionais. É necesaria unha adaptación metodolóxica.

Un alumno TDAH con comportamentos disruptivos na aula. Trala observación deste período inicial, constátase que na aula, son máis esporádicos.

Varios alumnos teñen dificultades lectoescritoras, sen fluidez e con escaseza de vocabulario.

Medidas ordinarias:

Das dificultades atopadas nesta avaliación inicial, de maneira xeral levaranse a cabo as seguintes actuacións con todo o grupo aula:

- Potenciación do uso da lingua galega e mediante a proxección de filmes en galego, cancións, xogos, adiviñas, lendas, tradicións... propios de Galicia.
- Fomentaranse as intervencións orais en galego por parte do alumnado, reforzándoas positivamente e valorando o emprego dun vocabulario axeitado e variado.
- Realizaranse sesións de lectura individuais para detectar e reforzar as dificultades lectoescritoras.
- Emprego da biblioteca escolar mediante o préstamo de libros en galego, promovendo a participación e colaboración das familias.
- Traballo con todas as tipoloxías de texto: noticias, contos, novelas, cartas, correos, lendas... onde o alumnado coñecerá a súa estrutura e redacción.
- Realización de actividades encamiñadas a ampliación do vocabulario galego: usando dicionarios, realizando proxectos, enquisas, xogos... así como o emprego das TIC, transcribindo no ordenador diferentes traballos.
- Utilización de estratexias encamiñadas a favorecer un clima de respecto ás intervencións de cada quen.
- Emprego de metodoloxías de traballo baseado na titoría entre iguais e o traballo colaborativo.
- Programar tarefas que favorezan a reflexión sobre o control das emocións e xestionalas para evitar conflitos persoais.
- Realización dunha aprendizaxe guiada, indicando o alumnado cales son os aspectos que debe mellorar ou reforzar, axudandolle a logralo.
- Dar a coñecer ao alumnado cales os criterios de avaliación que se van a empregar na materia, é dicir, aqueles que deben saber, comprender e facer.
- Emprego de diferentes técnicas de avaliación: probas escritas, probas orais a través de programas de gravación de voz, rúbricas, revisión do caderno, debates, cuestionarios, proxectos...
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación, a secuenciación de tarefas e a verificación da comprensión das mesmas.
- Deseño de actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Dada a diversidade presente no grupo aula, e co obxectivo de proporcionar unha atención educativa que lles permita lograr un correcto desenvolvemento, levaranse a cabo unha serie de actuacións específicas para cada un dos alumnos/as que presentan dificultades.

Comezando polo alumnado con dificultades lectoescritoras, terase en conta:

- Proporcionar instrucións orais así como escritas que sexan claras e secuenciadas en pasos. Asegurarse de que o alumnado comprende as tarefas.
- Emprego de materiais visuais que lles permitan relacionar conceptos.
- Facilitar con antelación o material escrito, no caso dos alumnos que teñen dificultades na escritura, para que poidan seguir a clase tendo en conta a dificultade que teñen para tomar notas e ao mesmo tempo atender as explicacións.
- No caso das lecturas en voz alta, proporcionaráselle estas con antelación para que as poida preparar, evitando situacións na aula que poidas xerar tensións e menoscabem a súa autoestima.
- Darlle o tempo que necesite para rematar as súas tarefas.
- Empregar as TICs con procesadores de textos, gravacións de voz...
- Acortar os textos ou enunciados que teñan que escribir.

No caso do alumno con TEA, as actuacións irán encamiñadas a:

- Emprego unha linguaxe clara e sinxela, secuenciando as ordes que se lle de.
- Utilización de estratexias baseadas na aprendizaxe sen erro, motivadoras e que eviten unha dependencia excesiva.
- Anticipación e secuenciación das actividades, permitindo alternar tempos de traballo e descanso.
- Uso de esquemas, mapas conceptuais así como imaxes que sirvan como reforzo visual as explicacións dadas e permitan reforzar a comprensión por parte do alumno.
- Oferta dun ambiente moi estruturado, predecible e fixo, mediante a creación de rutinas.
- Proposta de actividades variadas, permitindo realizar tanto actividades escritas como orais.

E no caso do alumno con TDAH:

- Alternar actividades teóricas co traballo práctico.
- Realizar explicacións das actividades que sexan claras, sinxelas e secuenciadas.
- Empregar estratexias para captar a súa atención inicial como cambios de entoación, xesticulación...
- Segmentar as actividades longas e limitar o seu número.
- Utilizar apoios visuais e variar as actividades.
- Reforzarase positivamente as condutas adecuadas.
- Evitaranse as recriminacións verbais, corrixindo en privado e felicitando en público.

Medidas extraordinarias:

Revisar a adaptación curricular dunha alumna.

Proponse a realización dunha AC a unha alumna

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.				X		X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X		X		X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.			X		X		X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X		X				X
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X	X		X		X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades da biblioteca	Contacontos, animación a lectura, compartir lecturas.	X	X	X
Actividades promovidas polo departamento de Normalización e Dinamización lingüística	Comemoracións e elaboración de traballos de diferente contido.	X	X	X
Asistencia a unha obra de teatro no auditorio.	Seleccionarase unha obra teatral relativa a calquera dos aspectos traballado nalgunha área e xestionarase a asistencia á mesma.		X	
PDI Un, dous, tres, a contar outra vez	Selección de libros de diferente tipoloxía e formato, xogos, representacións, obradoiros	X	X	X

Observacións:

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado.

Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
7. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Medidas de atención á diversidade
6. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
Clima de traballo na aula
11. Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

Descrición:

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será nas reunións de avaliación, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica por medio de Abalar.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqú recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos corrixir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente , as respostas ás seguintes cuestións (que se valoran entre 1 e 5) e os resultados académicos existentes, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.

Cuestións:

Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.

Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.

Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.

Adecuación da secuencia de traballo na aula

Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.

Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc

Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.

Adecuación das probas orais e escritas.

Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.

Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas

Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, instrumentos e dos criterios de promoción.

Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

Contribución ao plan de lectura do centro.

Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32015220	CEIP Vistahermosa	Ourense	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Marco normativo:

- Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O CENTRO:

O CEIP Vistahermosa, está situada na periferia de Ourense, nel impártense os tres niveis de Educación infantil e os seis de primaria. A porcentaxe de alumnado procedente doutros países é alta. En xeral, a convivencia no centro é boa e hai boa colaboración por parte de todos os membros da comunidade educativa.

MÚSICA E DANZA

A área de música e danza ten especial relevancia, xa que contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións: sensorial e psicomotriz, a través do desenvolvemento da percepción e da motricidade; intelectual, a través da potenciación da intelixencia, do pensamento crítico, da atención e da memoria a curto e longo

prazo; social e comunicativa, estimulando a expresividade, a sensibilidade social e as capacidades comunicativas; emocional e afectiva, favorecendo o desenvolvemento da sensibilidade estética e da emotividade; estética e creativa, a través da estimulación da imaxinación, da creatividade e da autonomía.

Tamén é moi relevante a valoración de producións culturais e artísticas diversas que enriquezan tanto o individuo como a sociedade, xa que o diálogo intercultural e o respecto á diversidade son ferramentas poderosas para a reconciliación, a cohesión social e a creación de sociedades pacíficas e igualitarias.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores. O idioma empregado na clase de música será o galego.

Ao mesmo tempo, coa finalización deste 4º nivel remata tamén o 2º ciclo de primaria, algo contemplado nesta PD. Así pois, búscase que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro. Ademais, o remate deste ciclo procura neste centro que o alumnado teña mellorado na súa autonomía, especialmente nas súas producións artísticas.

O GRUPO

O alumnado conta con 9 anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

Nº de alumnos/as: 18

ALUMNADO CON NEAE

1 Alumno con ACs

Un alumno con TEA grado 1

Un alumno con diagnóstico TDAH

1 Alumno en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural, con atraso madurativo e importantes dificultades lectoescriptoras

Punto de Partida- Información recollida da memoria do curso 22/23

O 94% do alumnado logra unha progresión adecuada nos obxectivos do curso, alcanzando a adquisición das competencias correspondentes de xeito axeitado, unha alumna promociona coa materia suspensa. Unha alumna continúa o ciclo con AC

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Así soa a música	Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 3º primaria retomando a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, seguir desenvolvendo a	25	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Así soa a música	recepción activa e a vivencia de diferentes elementos da música a través das cancións e da interpretación instrumental. As situacións de aprendizaxe xirarán arredor da festa do Samaín, Magosto, 25N e do Nadal.	25	8	X		
2	Música entre amigxs	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música a través de cancións e xogos que se cantarán no Día da Paz, no Entroido e no Día Internacional da Muller. Daráselle especial relevancia ao papel da muller na música.	25	8		X	
3	Os sons da miña Terra	A UD3 aplicamos os contidos das UD1 e UD2 na interpretación instrumental con instrumentos PAI e coa fruta e o xilófono. O fío condutor das situacións de aprendizaxe será o día dos Maios e das Letras Galegas	25	9			X
4	A bailar!	Esta UD desenvolverá ao longo de todo o curso a expresión corporal, a danza, interpretación e gravación de coreografías e publicación das mesmas na AV. O traballo en gran grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado.	25	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Así soa a música	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa: branca, negra (cos silencios), dobre corchea; barras divisoria, final e repetición; clave sol, comp. 2/4 e 3/4 (discriminándoos polo acento do pulso).	PE	10
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais que fan alusión ás conmemoracións deste trimestre.	TI	90
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Propón e reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos. Interpreta musicogramas con temática de samaín e magosto con acompañamento instrumental PAI.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta ritmos con grafías non convencionais, de sons: fortes e pianos, outras de longos e curtos; outras de agudos e graves. Interpreta coa frauta ou con outro instrumento PAD partituras coas notas da escala de do		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Aprende unha danza para celebrar con todo o centro o Samaín e o Magosto. Canta e acompaña con lingua de signos unha canción para o 25N		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa en gran grupo na realización de coreografías sinxelas. Conta os pasos e recoñece o compás da canción.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición básica dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.

Contidos

- Vocabulario específico de uso común en música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
2	Música entre amigxs	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Completa unha melodía (6 c. de 2/4 ou 4 de 3/4; do, mi, sol, la e do agudo; branca con puntiño, branca, negra -e silencios- e dobre corchea). Improvisa (pentatónica) no xilófono sobre unha base musical.	PE	10
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Analiza pequenas audicións: Instrumentos que aparecen, investiga sobre o autor/a, a época, se hai voces, altura das voces...	TI	90
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica a variedade de matices de intensidade da música No salón do rei da montaña de E. Grieg.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4 e 3 compases de 3/4 (figuras: branca con puntiño, branca, negra -e os seus silencios- e dobre corchea).		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Asocia diferentes movementos da expresión corporal a emocións ou aos elementos representados.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Grupalmente, e sen música, produce unha pequena secuencia corporal de movementos e/ou pasos que represente emocións ou outros elementos para seren adiviñados polo resto.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas. Interpreta coa fruta, teclado ou co xilófono as melodías traballadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa.

Contidos

- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafías convencionais e non convencionais.
- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición básica dos máis característicos.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	Os sons da miña Terra	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa no pentagrama as notas: do-si; do, re e mi agudos. Realiza ditados rítmicos (negra, silencio negra e dobre corchea) e melódicos (mi e sol).	PE	10
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Analiza pequenas audicións: Familias de instrumentos, investiga sobre o compositor/a, a época, se hai voces, altura das voces...	TI	90
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
